

## SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

## Anuncio

**CONTRATACIÓN PARA CUBRIR EN PROPIEDAD, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, UNHA PRAZA DE PEÓN/PEOA REPARACIÓNS VÍAS PROVINCIAIS, AGRUPACIÓNS PROFESIONAIS, DO CADRO DE PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 - TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE O ARTIGO 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO**

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 20 de setembro de 2024, adoptou entre outros o seguinte acordo, que se reproduce de xeito literal:

*“As bases xerais que regulan (xunto coas bases específicas), os procesos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na Deputación de Lugo, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - IB) Taxa adicional de Estabilización de emprego temporal artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso-oposición, acceso libre publicáronse no BOP núm. 224, do 29.09.2022.*

*A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición, unha (1) praza de peón/peoa reparacións vías provinciais, cota xeral, agrupacións profesionais, do cadro de persoal laboral fixo, correspondentes á Oferta de Emprego Público do ano 2022 - taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, fixéronse públicas no BOP núm. 224, do 29.09.2022.*

*Celebrado o procedemento selectivo, a vista da proposta do Tribunal Cualificador publicada na páxina web e taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo o día 26.04.2024, conséntase que, tanto a persoa seleccionada como a primeira persoa que figura na proposta da orde de persoas para asegurar a cobertura de vacantes e para a incorporación nas listaxes de emprego temporal, foron contratadas como consecuencia doutros procesos selectivos.*

*A vista do anteriormente sinalado e tendo en conta que a seguinte persoa aspirante proposta, que figura no número 2 da orde de inclusión na dita listaxe de emprego temporal, presenta a documentación á que se refire a base xeral 13, cumprindo así os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo a proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 14.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento selectivo contratando como persoal laboral fixo a:*

**Don Diego Ferreiro Rodríguez, para ocupar a praza número 3322, denominada peón/peoa reparacións vías provinciais, agrupacións profesionais, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 - taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, adxudicándolle o posto de traballo denominado peón/peoa reparacións vías provinciais entrada número 1437, vinculado á citada praza.**

*A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.”*

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Lugo, 24 de setembro de 2024.- O SECRETARIO XERAL, Jose Antonio Mourelle Cillero.

R. 2817

O presente documento estará  
exposto no Taboleiro de  
Anuncios desta Deputación  
desde o día 25-09-2024  
ata a día 24-10-2024  
O XEFE DA UNIDADE  
PORTERÍA E VIXIANCIA